



17º Trofeo de Judo Cidade de LUGO



JUDO



Campionato de **galicia** Infantil e Cadete Fase Final



síguenos en



www.fgjudo.com



Sábado día 18 de setembro de 2021

Concello de Lugo

PAVILLÓN MUNICIPAL DE DEPORTES

Estrada Vella Santiago s/n - LUGO



COMPETICIÓN

A partir das 12:00 horas

VºBº:



TEXTO:

Para debido coñecemento e difusión de tódolos interesados, envíase información referente a:

FASE FINAL CAMPIONATO DE GALICIA ESCOLAR DE JUDO - 2021



Organizan: Federación Galega de Judo.
Club Judo Lugo.

Patrocina: Secretaría Xeral para O Deporte
Xunta de Galicia

Colabora: Concello de Lugo
Concellería de Deportes



1.0.0.- MESA FEDERATIVA:

1.1.0.- Presidente:	D. Mario Manuel Muzas Cobo.
1.2.0.- Vicepresidente:	D. Eduardo Galán Palla.
1.3.0.- Delegado Lugo:	D. Iván Carballeira Fraga.
1.4.0.- Responsable protocolo COVID:	D. Juan José Rodríguez Gende.
1.5.0.- Dirección Deportiva:	Da. Mónica Pacheco Lomba. / D. José Ramón López Gacio. D. Roberto Naveira Filgueiras.
1.6.0.- Coordinadores Competición:	D. David Pérez Anido. / D. Alejandro Abando Domínguez. D. Rubén Sueiro Amor.
1.7.0.- Delegados Competición:	D. Marcial Romero Azpitarte. / Da. Sara Álvarez Folgueira.
1.8.0.- Técnicos convocados:	Da. Candela Fernández Sánchez. / D. Carlos Garabatos Fernández. Da. Laura Bajo Borlán. / D. Alberto Castro Pena Da. Sandra López Anido. / D. Gonzalo Echevarría Viñas.

2.0.0.- CALENDARIO XERAL:

2.1.0.- Data:

SÁBADO DÍA 18 DE SETEMBRO DE 2021.

2.2.0.- Lugar:

PAVILLÓN MUNICIPAL DE DEPORTES DE LUGO

c/ Estrada Vella Santiago s/n-27004 Lugo Tlf. 982 22 39 30

Latitude: (43° 0' 18.566" N) 43.005157 - Lonxitude: (7° 33' 44.377" W) -7.562327

2.3.0.- Test COVID obrigatorio:

CADETE: 1ª Quenda de 09:30 a 10:00h.

2ª Quenda de 10:00 a 10:30h.

3ª Quenda de 10:30 a 11:00h.

INFANTIL - 1ª Quenda de 11:00 a 11:30h.

2ª Quenda de 11:30 a 12:00h.

3ª Quenda de 12:00 a 12:30h.

(Comunicarase a composición das quendas unha vez finalizada a inscrición).

2.4.0.- Pesada:

Por clubs ao finalizar o test COVID.

Pesada en roupa interior (as nenas con camiseta) Tolerancia 100 gr.

2.5.0.- Reunión arbitral:

Ás 11:15h.

2.6.0.- Competición:

CADETE - Ás 12:00h.

INFANTIL - Ás 15:30h.

3.0.0. ÁMBITO TÉCNICO DEPORTIVO:

3.1.0.- Idades:

Infantís: Nados nos anos 2007 e 2008.

Cadetes: Nados nos anos 2004, 2005 e 2006.

3.2.0.- Grado:

Infantís: Mínimo Cinto Verde.

Cadetes: Mínimo Cinto Azul.

3.3.0.- Judogui:

Infantís: Imprescindible judogui azul e branco.

Cadetes: Imprescindible judogui azul e branco.

3.4.0.- Pesos:

Infantís: Categoría Masculina: -38, -42, -46, -50, -55, -60, -66 e +66 kg.

Categoría Feminina: -36, -40, -44, -48, -52, -57, -63 e +63 kg.

Cadetes: Categoría Masculina: -50, -55, -60, -66, -73, -81, -90 e +90 kg.

Categoría Feminina: -40, -44, -48, -52, -57, -63, -70 e +70 kg.

3.5.0.- Documentación:

Imprescindible presentar: **D.N.I. (orixinal), carné de graos RFEJYDA (cos graos intermedios na categoría infantil), autorización paterna y hoja de consentimiento entrenadores y árbitros.**

Declaración responsable COVID. (Axuntanse modelos).

3.6.0.- Area Competición:

Cinco tatamis.

3.7.0.- Sistema:

O mesmo sistema de competición que terán no Cpto. de España:

Eliminatoria directa con repesca dobre cruzada (Sistema Golden Score).

3.8.0.- Tempos:

Combates a 3 minutos.

3.9.0.- Sanidade:

FGJUDO.

4.0.0.- DEPARTAMENTO DE ARBITRAXE:

4.1.0.- Comité de Árbitros:

D. Jaime Roque López / D. Ángel Villar González / D. Miguel Piñeiro García
Da. Nagore Valle Benito / D. David Abalde Amoedo.

4.2.0.- Regulamento:

Normativa FIJ - Lémbrese que na categoría Infantil:
Están prohibidas as estrangulacións e as luxacións.

4.3.0.- Sokuteiki:

Haberá un Sokuteiki a disposición dos técnicos e dos deportistas para comprobar as medidas do judogui antes dos combates.

5.0.0.- ORDE E CONTROL:

5.1.0.- Inscripcións:

Poderán realizarse nesta Federación Galega ata as 12 horas do día **04/09/2021** nos seguintes enlaces:

<https://forms.gle/qfqw5EFZDF5oFR1eA> - Infantil

<https://forms.gle/cEdqdgqVURsUfJtMA> - Cadete

Unha vez finalizados o prazos non se admitirá ningunha solicitude.

Haberá pícnicos ofrecidos pola organización para os deportistas e adestradores inscritos.

5.2.0.- Adestradores:

Cada club poderá inscribir **un máximo de adestradores titulados e colexiados** para dirixir os combates e para a atención dos deportistas na pista, de acordo á seguinte ratio por categoría:

Hasta 4 deportistas participantes.....	1 ADESTRADOR
Entre 5 e 9 deportistas participantes.....	2 ADESTRADORES
Entre 10 e 14 deportistas participantes.....	3 ADESTRADORES
Entre 15 e 19 deportistas participantes.....	4 ADESTRADORES
Más de 19 deportistas participantes.....	5 ADESTRADORES

Un dos adestradores realizará a función de Delegado Covid para o cumprimento do protocolo, identificándose como tal na inscrición.

Prégase a tódolos directores de club e adestradores o máximo respecto e colaboración no mantemento da orde e control do acceso a pista.

5.3.0.- Cerimonia Final:

A recollida de medallas ou trofeos deberá realizarse en Judogui Branco completo.

6.0.0.- PROTOCOLO COVID FGJUDO:

Debido ás extraordinarias circunstancias relacionadas co virus COVID-19, deberán terse en conta unha serie de puntos de vital importancia, recollidos no protocolo da Federación e aprobado pola Xunta de Galicia:

6.1.0.- Esta competición celebrarase sen público, estando prohibido o acceso ao pavillón a toda persoa ou persoas alleas á organización e participantes. Non poderán abandonar o pavillón en ningún momento desde o acceso ata o remate da súa participación.

6.2.0.- O Delegado responsable do protocolo do club deberá asinar a folia de responsabilidade e deberá cumprir e facer cumprir o protocolo aos seus deportistas e adestradores, mediando nestas cuestións coa organización, tales como o illamento dun positivo que se puidese detectar nos correspondentes test ou si preséntase sintomatoloxía compatible con COVID19.

6.3.0.- Como medida alternativa **realizaranse TEST COVID antes da PESADA**. Unha vez realizado o test non se poderá abandonar as instalacións ata a saída do campionato. Todos os participantes (competidores, adestradores, árbitros, etc...) deberán entregar no momento de realización dos test a folia de declaración responsable (acompañase a esta circular) de coñecemento e aceptación do protocolo e as autorizacións oficiais.

6.4.0.- Unha vez obtido o resultado negativo poderase acceder á pesada. Unha única persoa da organización (unha para a categoría masculina e outra para a categoría feminina), membro do corpo técnico será o que efectúe o control e pesada.

6.5.0.- Tomarase a temperatura á chegada a todos os participantes (competidores e adestradores).

6.6.0.- O uso da máscara é obrigatorio para todos excepto **na zona de QUENTAMENTO (durante a parte activa, non nas pausas e descansos) e no momento de entrar ao TATAMI para o combate**. A máscara deberá gardarse no recipiente apropiado mentres non se estea utilizando e evitar deixala ou tirala fóra dos lugares indicados.

6.7.0.- USO DOS VESTIARIOS: EN XERAL RECOMÉNDASE QUE NON SE USEN. O acceso estará controlado por persoal federativo ou ben da instalación que viviará o uso da máscara en todo momento e para todos, así como que non se complete o aforo dos mesmos, mantéñase en todas as direccións a distancia de seguridade e que o tempo de permanencia sexa o mínimo posible. Sempre que sexa posible debera manterse a distancia de seguridade mínima de 1'5m.

6.8.0.- Deberán seguirse estritamente os circuitos de entrada, saída e desaloxo, atendendo sempre ás instrucións dos responsables organizativos.

6.9.0.- Haberá puntos de desinfección con hidroxel alcohólico nas zonas de paso de uso obrigatorio.

6.10.0.- As persoas non deberán permanecer en corredores ou accesos onde non se poda gardar a distancia con outros participantes no evento ou membros da organización.

6.11.0.- Se habilitarán na mesa de competición as prazas precisas para o persoal federativo imprescindible, cunha separación de 2m entre cadeiras.

6.12.0.- Os árbitros actuarán sempre con máscara. Haberá un só árbitro por tatami e dous árbitros por mesa de control.

6.13.0.- Os deportistas que finalicen a súa participación deberán abandonar o pavillón polo circuito habilitado.

6.14.0.- A organización procurará sempre que sexa posible a retransmisión por STREAMING nas canles oficiais da federación para o seguimento da competición polo público.

CÓDIGO DE CONDUCTA ADESTRADORES

O adestrador é responsable da conduta do seu judoka desde que entra no Pavillón ata que se vai, especialmente antes e logo de cada combate.

Durante o combate comunícase co seu atleta soamente nos mates, para aconsellarlle, estimularlle, darlle instrucións en situacións inesperadas, como ante unha lesión, etc...

COMPORTAMENTO ADESTRADORES

-Máximo respecto evitando calquera comentario de crítica ás decisións arbitrais.

-Evitar calquera xesto despectivo cara a árbitros, organización ou público.

-Prohibido golpear, dar patadas, etc... aos paneis publicitarios ou a calquera equipo.

-Non faltar ao respecto ao oponente, árbitros, adestradores, ao seu propio atleta, ao público, etc...

NORMAS VESTUARIO

Está prohibido: o pantalón curto, calquera clase de gorra ou chapeu na cabeza, vaqueros, suéteres ou similares.

SANCION

O incumprimento destas regras levará a descualificación e a imposibilidade de acompañar aos seus atletas á zona de competición e/ou sentarse na cadeira de adestrador.




NORMATIVA SOKUTEIKI

Co fin de facer cumprir as tallas e medidas correctas do Judogui segundo define o Regulamento de Competición así como o xogo limpo para os atletas, a FIJ aprobou este dispositivo especial e un novo procedemento do control desde o 1º de xaneiro de 2009.

1. O uso do Judogui de acordo á norma do Sokuteiki. (Dispositivo para medir o Judogui) é obrigatorio en todas as competicións oficiais.



En caso de dúbida, nunca a instancias do adestrador, o árbitro sobre o tatami pode comprobar o Judogui do competidor usando o dispositivo Sokuteiki. Caso de que o Judogui non cumpra coas Regras, o árbitro, logo de consultar cos Xuíces, sancionará ao competidor con Hansokumake declarando vencedor ao oponente.



Recomendase ler ben todos os puntos desta circular e consultar calquera dúbida coa organización.

**CALQUERA ASPECTO OU DÚBIDA NON CONTEMPLADA NESTA OU NOUTRAS CIRCULARES
SERÁ RESOLTO A CRITERIO DA MESA FEDERATIVA**

A Directora Deportiva

Asdo. Mónica Pacheco Lomba.